Obra executada: vivenda unifamiliar composta de planta baixa sen variación das condicións da obra prevista en proxecto e licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Certifico: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo as prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación atópase executada na súa totalidade e adáptase á vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.

Ordenanza de aplicación.- Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural

A obra executada adáptase a Normativa.- Vivenda totalmente executada rematada interiormente e pintada exteriormente podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación.

Observacións: deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación de vivenda sita en Regosanguento - Rigueira que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 451,79€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE XANEIRO DE 2009.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ó mes de xaneiro de 2009, por importe de 205,41€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE D^a. MONSERRAT LAGE FERNÁNDEZ DE VADO PERMANENTE EN CAMIÑO REAL, 30 (XOVE).

Vista solicitude formulada por D^a. Monserrat Lage Fernández con D.N.I. nº: 33.991.478-P con domicilio en C/ Camiño Real, 30 (27870 Xove), para vado permanente para unha entrada para unha finca da súa propiedade sita na Camiño Real, 30 - Xove, e da cal se adxunta croquis, con unha anchura de 3 metros de ancho. Expediente nº: 177/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que se transcribe de seguido:

- Informase favorablemente a concesión do vao que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.
- O rebaixe e pintado de beirarrúa efectuarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vao.
- Si as obras son feitas polos servizos de obras municipais o custo dos traballos analízase do modo seguinte para un vao de 3,00 metros, de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.

Valoracións:

MAN DE OBRA:

8 horas de oficial de 1ª a 13 euros/hora.

8 horas de peón a 9,00 euros /hora

MATERIAIS:

Cemento.....25 euros

Arena.....14 euros.

GASTOS TOTAIS:

Man de obra.....182,00€

Materiais.....40,00€

TOTAL CUSTO.....222,00€

16% I.V.A.....35,52€

VALORACIÓN MUNICIPAL.....257,52€

VALORACIÓN TOTAL por m/l.....85,84€/m/l

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.2) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE LAGO DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por Dª. Eva Gloria García Pereira con D.N.I. nº 33998242- X, con domicilio en C/ Camiño Apeadero, 35 – 2ªA (27870 Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (dende o 01/08/2008 o 31/01/2009), iniciada a partir del 01-02-2008, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto. Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2007, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.400,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.200,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.3) SOLICITUDE CLUB NATACIÓN XOVE DE AXUDA ECONÓMICA PARA ANO 2009.

Visto o escrito de D. Jose M. Míguez Valella, como Presidente do Club Natación Xove, con domicilio a efectos de notificación en Centro Cívico, S/n (27870 Xove) no que solicita unha subvención para o financiamento de desenvolvemento e competicións de natación a nivel rexional e nacional.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitido con data 02/02/2009 a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.008, aprobadas polo Pleno en sesión de 20 de decembro de 2.007.

Vista a existencia de crédito para o gasto no vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 35.000,00€ para o financiamento de desenvolvemento e competicións de natación a nivel rexional e nacional.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 24.500,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 35.000,00 € procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

6º.- O importe de axuda acadará como máximo o 80% do total do investimento realizado, esixíndose polo tanto unha aportación mínima do solicitante do 20%, caso de non

xustificarse o gasto total para acadar a totalidade da subvención concedida, esta prorratearase proporcionalmente á baixa.

D.4) ESCRITO DO I.E.S ILLA DE SARON SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL DO 07/04/2008.

Vista solicitude de D^a. Susana Sordo Pato, en calidade de directora do I.E.S Illa de Sarón, con domicilio a efectos de notificación en Agramonte, S/N (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 2.405,00€ na Xunta de Goberno Local de 07/04/2008.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas.
- 2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 721,50€.

D.5)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2009 DE M^a. JOSEFA SOTO GARCÍA PARA EUGENIA VICTORIA CASABELLA FERNÁNDEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e pola empresaria, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2009, e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
M ^a . Josefa Soto García Avda. Diputación, 26 27870 Xove	Eugenia Victoria Casabella Fernández C/ Dr. Baamonde Illade, 22 27870 Xove

- 2º) Autorizar a contratación do traballador adxudicado sinalando que a data do contrato non pode ser anterior á da concesión de axuda.

- 3º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007, debendo instar prórroga para o exercicio do 2010 a partir del 31 de decembro de 2009.

- 4º) Recórdase ó solicitante de axuda que debe cumprir especificamente o establecido no Anexo A “ Plan de Emprego Municipal – Contratación” das Bases Reguladoras que establece no seu punto oitavo que “ Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará copia das transferencias bancarias das nóminas, así como os TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro. O prazo para solicitar libramentos remata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, salvo no caso recollido na disposición adicional”.

- 5º) Á maior brevidade deberá presentarse neste Concello copia do contrato que se formalice, para a súa constancia no expediente.

- 6º) A notificación á empresaria e a traballadora, os efectos oportunos.

D.6) SOLICITUDE DA U.D XOVE - LAGO DE AXUDA ECONÓMICA PARA TEMPORADA 2009.

Visto o escrito de D. Jesus Angel Ben Canoura, en calidade de Presidente do U.D Xove Lago, con domicilio a efectos de notificación en Acceso Campo de Fútbol, S/n (27870

Xove), no que solicita unha subvención para o financiamento das actividades a desenvolver pola U. D Xove – Lago durante a tempada de 2009.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitido con data 11/02/2009 a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.008, aprobadas polo Pleno en sesión de 20 de decembro de 2.007.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 452.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 50.000,00€ para o financiamento da tempada 2009.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 35.000,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 50.000,00€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

6º.- O importe de axuda acadará como máximo o 80% do total do investimento realizado, esixíndose polo tanto unha aportación mínima do solicitante do 20%, caso de non xustificarse o gasto total para acadar a totalidade da subvención concedida, esta prorratearase proporcionalmente á baixa.

D.7) APROBACIÓN DE PROXECTO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ESCOLA OBRADOIRO “RECUNCHOS DE XOVE”

VISTO o disposto na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (DOG nº 9 de data 14/01/09).

VISTO o expediente elaborado polo Departamento Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local e os Proxectos Técnicos elaborados polo Departamento Municipal de Obras ao abeiro da Orde citada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, ACORDA :

1º.- Aproba-lo proxecto de Obradoiro de Emprego "Recunchos de Xove " e os proxectos correspondentes ás obras:

- "Acondicionamento do entorno recreativo na área do río Rigueira en Ponte do Carro "
- "Acondicionamento do entorno e creación de zonas verdes na Urbanización Palmeiro "
- "Acondicionamento dos centros sociais e os correspondentes entornos
- "Acondicionamento interior de nave almacén en Xove ".

2º.- A solicitude de subvención á Consellería de Traballo para o Obradoiro de Emprego "Recunchos de Xove ".

3º.- Asumir con cargos aos fondos propios municipais a parte do custo do proxecto que non sexa financiada pola Consellería de Traballo.

D.8) CAMBIOS DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.

Por Secretaría dáse conta das solicitudes de cambio de titularidade no subministro de auga que se relacionan de seguido:

<i>Nº referencia</i>	<i>Titular Actual</i>	<i>Novo Titular</i>
46800	Jesús Pérez Pérez	Amadora Fdez. Lage
71500	Nestor García Casariego	Victorina Casabella López
49900	Francisco Maseda Sánchez	Dorinda Campo Balseiro
18700/17200	Jose Antonio Piqueras Guerrero	Luisa Pena Álvarez
146300	Josefa Fernández Cociña	Carmen Barro Fernández
61400	Valeriano Alonso Goas	Carmen Alonso Goas
154500	Ramón Ben Fernández	Celia Balseiro Galdo
9200	Jose Ramón Pernas López	Dolores Prieto Val
23900	Alfonso Pernas Valle	Modesto Pernas Vidal
23800	Pedro Luís Arteche Mendoza	Mª. Isabel de la Fuente Trabudua
58100	Jose Labayen Canoura	María Vicenta Labayen Díaz
20500	Eliseo Casas Insua	Andres Rodríguez Casas
40200	Dionisio Pérez Fernández	Elena García Rodríguez
31500/24900	Demetrio Meitin Lamelas	Casilda Rodríguez Piñeiro
71100	Serafina Santos Ben	Manuel Santos Santos
9400	Jaime Álvarez Díaz	Hortensia Fdez. Fdez.
53700	Rosario Cordido Otero	Antonio Duarte Cordido

42600	María Josefa Fra Franco	María Carmen Fraga Pardeiro
154400	Antonio López Pernas	Ramona Vidal Polo

Visto o informe favorable do Servizo de Augas do Concello, pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda autorizar os cambios de titularidade solicitados, sinalando que ditos cambios faranse efectivos no bimestre de novembro - decembro de 2008.

D.9) ESCRITO DE ANDOR CONSTRUCCIONES Y DESARROLLOS URBANÍSTICAS, S.L SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de Andor Construcciones y Desarrollos Urbanísticos, S.L, con CIF nº: B-27298264 e con domicilio a efectos de notificacións en Rúa dos Carros. Parcela 14 (27004 Polígono Ceao – Lugo), no que solicita a baixa no servizo de auga e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 66795.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede dita baixa e será efectiva a partir do bimestre xaneiro – febreiro de 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.10) ESCRITO DE D. FERNANDO MENDEÑA RODRÍGUEZ SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Fernando Mendaña Rodríguez, en representación de Montserrat Sánchez Canoura, con domicilio en Avda. Diputación, 55 (27870 Xove) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 103800.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede dita baixa e será efectiva a partir do bimestre xaneiro – febreiro de 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.11) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO EN VIVENDAS SITAS C/ TOMAS MARIÑO PARDO, 10 - XOVE.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre **Novembro/Decembro 2008**; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido:

Nome/Apelidos	Piso	Dirección
María Dolores Louzao García	1ºA	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10
Manuel Lage Pernas	1ºC	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10
Javier Goas Basanta	1ºD	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10
Casimiro Pernas Eio	3ºA	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10
Jesus Angel Casas Basanta	3ºB	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10

Alejandra C. Valenzuela Eijo	4ºA	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10
Vanesa Trastoy Bello	4ºB	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10
Comunidad de Propietarios	--	Rúa Tomas Mariño Pardo, 10

D.12) ESCRITO DE ANDOR CONSTRUCCIONES Y DESARROLLOS URBANÍSTICAS, S.L SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de Andor Construcciones y Desarrollos Urbanísticos, S.L, con CIF nº: B-27298264 e con domicilio a efectos de notificacións en Rúa dos Carros. Parcela 14 (27004 Polígono Ceao – Lugo), no que solicita a baixa no servizo de auga e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 66800.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede dita baixa e será efectiva a partir do bimestre marzo - abril de 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.13) CAMBIOS DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.

Por Secretaría dáse conta das solicitudes de cambio de titularidade no subministro de auga que se relacionan de seguido:

<i>Nº referencia</i>	<i>Titular Actual</i>	<i>Novo Titular</i>
65100	Alfredo García Fernández	Jose Casabella Rivas
113100	Montserrat Lage Fernández	Mª. Jose Abad Guerreiro

Visto o informe favorable do Servizo de Augas do Concello, pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda autorizar os cambios de titularidade solicitados, sinalando que ditos cambios faranse efectivos no bimestre de xaneiro – febreiro de 2009.

D.14) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Xaneiro/Febrero 2009; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido:

Nome/Apelidos	Situación Contador
Manuel Rodríguez García	Avda. Diputación, 40 – 2ºD (Xove)
Susana Llompart Muñoz	Edificio Esteiro Urb. Palmeiro, 62 – 4ºD (Rigueira)
Mayvan Asesores Inmobiliarios, S.L	Edificio Esteiro. Urb. Palmeiro, 66 – 3ºD (Rigueira)
Alfonso Pelarigo Vazquez	O Cabo, 9 (Sumoas)

D.15) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Marzo/Abril 2009; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido:

Nome/Apelidos	Situación Contador
Vanesa Gómez González	Edificio Esteiro. Urb. Palmeiro, 64 – 1ºA (Rigueira)

D.16)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2009 DE TALLERES PEÑA BURELA, S.L PARA ADRIAN COCIÑA GONZALEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2009, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Talleres Peña Burela, S.L Crta. Santander – Ferrol. Km 423,5 27891 Cervo	Adrian Cociña González Loureiros, 55 (27877 Xuances Xove)

2º) Autorizar a contratación do traballador adxudicado sinalando que a data do contrato non pode ser anterior á da concesión de axuda.

3º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007, debendo instar prórroga para o exercicio do 2010 a partir del 31 de decembro de 2009.

4º) Recórdase ó solicitante de axuda que debe cumprir especificamente o establecido no Anexo A “ Plan de Emprego Municipal – Contratación” das Bases Reguladoras que establece no seu punto oitavo que “ Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará copia das transferencias bancarias das nóminas, así como os TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro. O prazo para solicitar libramentos remata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, salvo no caso recollido na disposición adicional”.

5º) Á maior brevidade deberá presentarse neste Concello copia do contrato que se formalice, para a súa constancia no expediente.

6º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e trinta minutos polo Sr. Alcalde - Presidente, remátase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fe.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.:Luis Mª Fernández del Olmo